



PROGRAMACIÓN DE GREGO

2º de BACHARELATO

**INSTITUTO “AS FONTIÑAS”
GEMA ROIZ SÁNCHEZ**

| ÍNDICE | |
|--|------------------|
| Contexto. Contexto do centro. Características do centro | <i>páxina 2</i> |
| Obxectivos xerais | <i>páxina 4</i> |
| Aspectos curriculares de cada unidade didáctica 2.º Bacharelato | <i>páxina 4</i> |
| Outras consideracións metodolóxicas. | <i>páxina 12</i> |
| Metodoloxía. Estratexias metodolóxicas. Aspectos xerais, 2º Bacharelato. | <i>páxina 12</i> |
| Secuenciación habitual de traballo na aula. 2º Bacharelato. | <i>páxina 13</i> |
| Avaliación. 2º Bacharelato | <i>páxina 14</i> |
| Avaliación da programación. | <i>páxina 17</i> |
| Atención á diversidade. | <i>páxina 19</i> |
| Actividades complementarias e extraescolares | <i>páxina 20</i> |
| Competencias Clave | <i>páxina 21</i> |
| Participación no proxecto Lector | <i>páxina 21</i> |
| Datos do departamento | <i>páxina 23</i> |

1. Contexto

1. Contexto do centro

1. Características do centro

Situación

O centro está situado no barrio das Fontiñas, de onde provén o nome do Instituto, na rúa Estocolmo n.º 5.

Centros adscritos

O centro adscrito aos CPIs de Touro e O Pino, polo que a maioría do alumnado de Bacharelato procede desas localidades aínda que tamén veñen doutros centros da localidade, como da Compañía de María, La Salle...

Ensinanzas que oferta o centro

Oferta ciclos formativos de: Administración e Finanzas, no que hai FB Básica de 1º e 2º; Xestión Administrativa de Ciclo Medio; Administración e Finanzas de Ciclo Superior; Asistencia á Dirección de Ciclo Superior.

Ciclo de Edificación e obra civil: con Ciclo Superior en réxime ordinario e en réxime de persoas adultas a distancia.

Bacharelato: De humanidades e C. Sociais, e Bacharelato científico.

2. Características do alumnado.

Lingua materna dominante

A lingua materna dominante no centro, tanto nas aulas como no seu ámbito persoal é o galego, dado que moitos veñen do rural aínda que a maioría do alumnado que ven da cidade fala castelá.

Alumnado con NEAE no curso actual

Aínda non sabemos se hai alumnado con NEAE pero despois da avaliación inicial poderemos sabelo.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Temos poboación inmigrante que vive na contorna de primeira xeración. Tamén contamos con alumnos de familia de emigrantes retornados.

Parece ser que o último ano houbo algún caso de abandono escolar que este curso retomou de novo os estudos.

Non acostuma a haber acoso escolar o violencia escolar.

Outras características

O centro conta con 530 alumnos 52 profesores.

41 en 1º de Bacharelato

37 en 2º de Bacharelato

O resto corresponde aos Ciclos e a FP Básica

ALUMNADO DE GREGO DE 2º DE BACHARELATO

Este ano contamos con 4 alumnos, 3 o tiveron o curso pasado en 1º e outra abandonou o ano 21-22 por motivos de saúde na segunda avaliación.

OBXECTIVOS XERAIS

A materia de Grego no Bacharelato debe proporcionar ao alumnado unha base lingüística e cultural que lle facilite a orientación e o acceso ás carreiras de Humanidades. Por outra banda, debe contribuír á madurez persoal mediante o desenvolvemento das calidades que potencia o humanismo grego, como son o espírito crítico, a curiosidade intelectual, a autorreflexión etc.

Os obxectivos xerais da materia, propostos xa na programación correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia, pódense contextualizar nos seguintes enunciados:

1. Coñecer e comprender o significado dos principais temas cotiáns que conforman a vida individual e social dos antigos gregos a partir de textos e representacións plásticas.
2. Relacionar estes temas co mundo actual.
3. Achegarse aos principais mitos gregos e ás súas pegadas.
4. Coñecer e usar os principais elementos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos da lingua grega.
5. Dominar un vocabulario básico que permita acceder a textos clásicos e á identificación dos helenismos do vocabulario actual.
6. Aplicar correctamente as normas fundamentais da transcripción.
7. Traducir frases e textos gregos dunha dificultade adecuada.
8. Coñecer a cultura e a civilización grega a partir dos testemuños literarios e artísticos para unha mellor comprensión do pensamento político, social e cultural de Occidente.
9. Plasmar a persistencia do mundo grego, especialmente na cultura galega.
10. Coñecer e manexar bibliografía adecuada aos temas culturais.
11. Aprender a facer traballos mediante busca documental de forma individual e colectiva.
12. Dar resposta aos distintos niveis de aprendizaxe dos alumnos.

ASPECTOS CURRICULARES DE CADA UNIDADE DIDÁCTICA

En 2.º de Bacharelato, despois dun amplo repaso dos temas vistos en 1.º, serán obxecto de estudo os temas 8, 9, 10, 11 e 12 do libro de texto, sendo a tradución de textos o obxectivo principal. Traduciranse a selección de textos proposta pola coordinadora de ABAU que comprende textos de diferentes obras de Xenofonte máis Apolodoro . As lecturas obrigatorias serán:

- *A Iliada* (cantos I, VI, XVI e XXII).
- Selección de poemas de Arquíloco, Safo e Anacreonte.
- *Edipo Rei* de Sófocles.
- *A asemblea de mulleres* de Aristófanes.

| Grego 2.º Bacharelato | | | | |
|--|--|---|--|--------------------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| PRIMEIRO TRIMESTRE | | | | |
| <i>Tema 1.Sistema nominal e verbal I</i> | | | | |
| 4 5 6 7 8 12 | .T1.1 A 3.ª declinación: temas en silbante. Vocabulario. | .T1.1 Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en silbante e o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas. | GR2T1.1.1 Repasa as declinacións vistas en 1.º de Bacharelato e reconece diferentes enunciados desta declinación. GR2T1.1.2 Declina temas en silbante e fai a análise morfolóxica de substantivos neutros en -ος e de substantivos e adxectivos en -ης. GR2T1.1.3 Usa o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns. GR2T1.1.4 Fai a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases con este vocabulario. | CCL CAA CD |
| | .T1.2 Os complementos circunstanciais sen preposición. | .T1.2 Comprender o concepto de C.C. sen preposición e reconece en que tipo de expresións se utiliza. Analizar e traducir frases e textos con estes complementos. | GR2T1.2.1 Comprende o concepto de C.C. sen preposición e repasa a expresión do instrumento vista en 1.º de Bacharelato. Reconece estes complementos nos textos. GR2T1.2.2 Nomea aquelas expresións máis frecuentes para expresar a noción do tempo. | CCL CAA CD |

| | | | | |
|--|---|---|--|--|
| | | | <p>GR2T1.2.3 Nomea aquelas expresións máis frecuentes para expresar a extensión no espazo.</p> <p>GR2T1.2.4 Comprende o acusativo de relación e distingue os verbos, substantivos e adxectivos máis frecuentes que adoitan construírse con este acusativo.</p> <p>GR2T1.2.5 Constrúe frases en diversas linguas nas que se usen estes complementos.</p> <p>GR2T1.2.6 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases con C.C. sen preposición.</p> | |
| .T1.3 Os modos verbais. | .T1.3 Distinguir formas verbais en diferentes modos e recoñecer os seus usos en frases e textos gregos. | <p>GR2T1.3.1 Repasa as características do modo indicativo vistas en 1º de Bacharelato.</p> <p>GR2T1.3.2 Distingue as diferenzas morfolóxicas do subxuntivo, optativo e imperativo fronte ao indicativo.</p> <p>GR2T1.3.3 Coñece os diversos usos do subxuntivo, optativo e imperativo e recoñéceos nas frases e textos.</p> <p>GR2T1.3.4 Fai a análise morfolóxica dunha forma verbal en calquera destes modos, separando os seus compoñentes.</p> <p>GR2T1.3.5 Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases e textos gregos con formas verbais en diferentes modos.</p> | CCL CAA CD | |
| .T1.4 O infinitivo. A construción persoal. | .T1.4 Coñecer o infinitivo nos seus catro temas verbais, e distinguir a construción persoal con infinitivo en frases e textos. | <p>GR2T1.4.1 Repasa o infinitivo concertado e non concertado visto en 1º de Bacharelato.</p> <p>GR2T1.4.2 Recoñece o infinitivo de presente, futuro, aoristo e perfecto.</p> <p>GR2T1.4.3 Compara e distingue unha construción persoal con infinitivo dunha impersoal.</p> <p>GR2T1.4.4 Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases gregas con infinitivos en diferentes temas e usos.</p> | CCL CAA CD | |
| .T1.5 | .T1.5 | GR2T1.5.1 Repasa o aoristo | CCL | |

| | | | | |
|---|--|--|--|-----------------------------------|
| | O aoristo radical I. | Recoñecer o aoristo radical dos verbos γίγνομαι, ἔχω, βάλλω e verbos con infixo e sufixo nasal. O polirrizo λέγω. | sigmático. Comprende o concepto de aoristo 2.º ou radical e distínguese do aoristo sigmático. GR2T1.5.2 Recoñece un aoristo 2.º en todos os seus modos e voces. GR2T1.5.3 Recoñece nos textos o aoristo dos verbos γίγνομαι, ἔχω, βάλλω, λέγω e verbos con infixo e sufixo nasal. | CAA CD |
| Tema 2: A literatura grega I | | | | |
| 1 2 3 8 9 10 11 12 | .T2.1 A poesía épica. | .T2.1 Coñecer as características e autores principais da poesía épica grega. Ler os cantos I, VI, XVI e XXII d' <i>A Iliada</i> . | GR2T2.1.1 Comprende a importancia da literatura grega para Occidente e coñece as súas etapas e soportes de escritura. GR2T2.1.2 Nomea as principais características da épica, así como os seus autores e respectivas obras. GR2T2.1.3 Reflexiona sobre a importancia e influencia de Homero en toda a literatura occidental. GR2T2.1.4 Repasa e amplía os coñecementos vistos en cursos anteriores sobre o mito da Guerra de Troia observando e comentando imaxes de arte. GR2T2.1.5 Le e comenta os catro cantos d' <i>A Iliada</i> obrigatorios para as probas de ABAU. | CAA CSC CCEC CSIEE CD |
| SEGUNDO TRIMESTRE | | | | |
| Temas 3: Sistema nominal e verbal II | | | | |
| 4 5 6 7 8 12 | .T3.1 Os temas en vogal e ditongo. Vocabulario. | .T3.1 Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en vogal e ditongo, así como o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas. | GR2T3.1.1 Declina temas en vogal, e fai a análise morfolóxica de substantivos en -ι e -υ con e sen alternancia, destacando os femininos tipo πόλις, πόλεως, e o substantivo ναῦς, νεός. GR2T3.1.2 Declina e recoñece os adxectivos de tres terminacións de tema en -υ. GR2T3.1.3 Elabora o cadro xeral da terceira declinación e o cadro xeral do adxectivo. GR2T3.1.4 Usa o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns. GR2T3.1.5 Traduce distinguindo nas frases e textos as palabras | CCL CAA CD |

| | | | | |
|--|--|--|---------------|------------------|
| | | | destes temas. | |
| .T3.2 Os verbos contractos: características e vocabulario. | .T3.2 Comprender o concepto de verbo contracto e coñecer as súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos. | GR2T3.2.1 Distingue nos textos un verbo contracto dun non contracto. GR2T3.2.2 Recoñece as diferentes contraccións do tema de presente e os alongamentos dos outros temas verbais. GR2T3.2.3 Nomea os verbos contractos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos. | | CCL CAA CD |
| .T3.3 O participio. Uso nominal e verbal. | .T3.3 Coñecer o participio nos seus catro temas verbais, e distinguir o seu uso nominal e verbal en frases e textos. | GR2T3.3.1 Repasa e distingue o participio con artigo e o participio concertado visto en 1.º de Bacharelato. GR2T3.3.2 Recoñece o participio de presente, futuro, aoristo e perfecto. GR2T3.3.3 Compara e distingue unha oración de participio concertado dunha de participio non concertado ou absoluto. GR2T3.3.4 Fai análise sintáctica e tradución de diferentes participios en frases e textos. | | CCL CAA CD |
| .T3.4 As oracións subordinadas I. As substantivas. | .T3.4 Comprender o concepto de subordinación e de oración subordinada substantiva. Distinguir as principais oracións substantivas con ou sen nexos en frases e textos. | GR2T3.4.1 Repasa os nexos coordinados vistos en 1.º de Bacharelato. GR2T3.4.2 Distingue en textos unha oración coordinada dunha subordinada. GR2T3.4.3 Traduce frases e textos con oracións substantivas introducidas polas conxuncións ὅτι, ὡς, ὅπως e μή, e distingue esta última do adverbio de negación. GR2T3.4.4 Repasa e afianza o coñecemento das oracións substantivas de infinitivo concertado e non concertado. GR2T3.4.5 Traduce frases e textos identificando as substantivas de participio tras algúns verbos de percepción e coñecemento. GR2T3.4.6 Repasa as oracións interrogativas directas vistas en 1.º de Bacharelato e identifica as indirectas introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos e pola conxunción | | CCL CAA CD |

| | | | | |
|--|---------------------------------------|--|--|-----------------------------------|
| | | | ει. | |
| | .T3.5 A reduplicación. | .T3.5 Coñecer todos os procedementos de formación da reduplicación no tema de perfecto. | GR2T3.5.1 Repasa o visto en 1.º de Bacharelato sobre o tema de perfecto. GR2T3.5.2 Recoñece todos os procedementos de formación da reduplicación nos verbos simples e compostos. GR2T3.5.3 Fai a análise morfolóxica de formas verbais con reduplicación separando os seus compoñentes. GR2T3.5.4 Traduce e recoñece diferentes perfectos en frases e textos. | CCL CAA CD |
| | .T3.6 O aoristo radical II. | .T3.6 Recoñecer o aoristo radical dos verbos φεύγω, βαίνω, πίπτω e con sufixo - (ι)σκω. Os polirrizos ἔρχομαι, ὀράω, φέρω e αἰρέω. | GR2T3.6.1 Comprende a diferenza entre un imperfecto e un aoristo radical. GR2T3.6.2 Conxuga un aoristo 2º en todos os seus modos e voces. GR2T3.6.3 Traduce textos con aoristos radicais. | CCL CAA CD |
| Tema 4: A literatura grega II | | | | |
| 1 2 3 5 8 9 10 11 12 | .T4.1 A poesía lírica | .T4.1 Coñecer as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega. Ler unha selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo. | GR2T4.1.1 Sitúa este xénero na etapa arcaica e repasa os personaxes e acontecementos máis importantes da mesma. GR2T4.1.2 Recoñece as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega. GR1T4.1.3 Le e comenta unha selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo. | CAA CSC CCEC CSIEE CD |
| | .T4.2 A historiografía. | .T4.2 Coñecer as características, autores e obras destacadas da historiografía grega, principalmente de Xenofonte. | GR2T4.2.1 Sitúa este xénero na etapa clásica e identifica os personaxes e acontecementos históricos máis importantes da mesma. GR2T4.2.2 Coñece as causas, acontecementos principais e desenlace da Guerra do Peloponeso. GR2T4.2.3 Identifica e comenta os personaxes e acontecementos históricos nas obras de Xenofonte obxecto de tradución. | |
| TERCEIRO TRIMESTRE | | | | |
| Tema 5: Sistema nominal e verbal III | | | | |
| 4 | .T5.1 | .T5.1 Comprender o | GR2T5.1.1 Repasa o visto o | CCL |

| | | | | |
|------------------------|--|---|--|------------------|
| 5 6 7 8 12 | Os verbos oclusivos: características e vocabulario. | concepto de verbo oclusivo e coñecer as súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos. | curso pasado sobre as consoantes oclusivas e os temas en oclusiva da 3. ^a declinación. GR2T5.1.2 Recoñece os cambios fonéticos que experimentan as consoantes oclusivas labiais, guturais e dentais nos distintos temas verbais. GR2T5.1.3 Distingue nos textos un verbo oclusivo dun non oclusivo. GR2T5.1.4 Nomea os verbos oclusivos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos. | CAA CD |
| | .T5.2 Os verbos líquidos: características e vocabulario. | .T5.2 Comprender o concepto de verbo líquido e coñecer as súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos. | GR2T5.2.1 Repasa o visto o curso pasado sobre as consoantes soantes e os temas en líquida e nasal da 3. ^a declinación. GR2T5.2.2 Recoñece os reforzos, contraccións e alongamentos que se dan nos distintos temas verbais. GR2T5.2.3 Comprende o concepto de aoristo asigmático e distingue o aoristo dun verbo líquido dun aoristo radical. GR2T5.2.4 Distingue nos textos un verbo líquido dun non líquido. GR2T5.2.5 Nomea os verbos líquidos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos. | CCL CAA CD |
| | .T5.3 As oracións adverbiais I. | .T5.3 Comprender o concepto de oración subordinada adverbial. Distinguir as oracións causais, temporais, finais e consecutivas en frases e textos. | GR2T5.3.1 Coñece os principais nexos causais, temporais, finais e consecutivos. GR2T5.3.2 Distingue os nexos que só expresan unha circunstancia dos que poden expresar varias, destacando os usos da conxunción <i>ὡς</i> . GR2T5.3.3 Traduce frases e textos con oracións subordinadas adverbiais introducidas por estes nexos. | CCL CAA CD |
| | .T5.4 As oracións adverbiais II. | .T5.4 Distinguir as oracións comparativas, condicionais e concesivas en frases e textos. | GR2T5.4.1 Coñece os principais nexos comparativos, condicionais e concesivos. GR2T5.4.2 Comprende os catro tipos que presentan as oracións condicionais, e relaciónaos co | CCL CAA CD |

| | | | | |
|--|--|---|---|-----------------------------------|
| | | | latín, galego e inglés. GR2T5.4.3 Identifica a partícula ᾶν e comprende os seus usos. | |
| | .T5.5 Os verbos atemáticos. | .T5.5 Comprender o concepto de verbo atemático e coñecer as súas características principais. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos. | GR2T5.5.1 Repasa o visto o curso pasado sobre o verbo εἶμι. GR2T5.5.2 Comprende o concepto de verbo atemático e distingueo de un temático. GR2T5.5.3 Coñece os tres tipos de verbos atemáticos. GR2T5.5.4 Recoñece as características principais destes verbos. GR2T5.5.5 Distingue polo lexema entre formas do verbo εἶμι e εἶμι. GR2T5.5.6 Recoñece polo lexema diversas formas de δίδωμι, τίθημι, ἴστημι e ἵημι. GR2T5.5.7 Recoñece polo lexema diversas formas de verbos con sufixo -νυ, especialmente δείκνυμι e ἄλλομι. GR2T5.5.8 Nomea os verbos atemáticos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos. GR2T5.5.9 Elabora o cadro xeral dos verbos temáticos e atemáticos. | CCL CAA |
| Tema 6: A literatura grega III | | | | |
| 1 2 3 5 8 9 10 11 12 | .T6.1 O teatro. | .T6.1 Recoñecer a orixe, características, xéneros e autores principais da poesía dramática grega. Ler a traxedia <i>Edipo Rei</i> e a comedia <i>A</i> <i>assemblea de</i> <i>mulleres</i> . | GR2T6.1.1 Coñece a orixe, características, organización, xéneros e autores principais do teatro grego. GR2T6.1.2 Comprende a relación do teatro coa democracia ateniense, observando e comentando imaxes de arte. GR2T6.1.3 Le e comenta a traxedia de Sófocles <i>Edipo Rei</i> e a comedia de Aristófanes <i>A</i> <i>assemblea de mulleres</i> . GR2T6.1.4 Comprende a importancia do teatro grego na literatura occidental. | CAA CSC CCEC CSIEE CD |

1. Metodoloxía

1. Estratexias metodolóxicas

1.1.1.Aspectos xerais

En primeiro lugar temos que partir dunha avaliación inicial sobre dous ámbitos: o morfosintáctico e o cultural. --O ámbito morfosintáctico daranos unha idea xeral dos coñecementos lingüísticos do alumno pois se non distingue as funcións sintácticas nin os tempos verbais será máis difícil que acade os obxectivos marcados. Por suposto, imaxinamos que non ten coñecementos da lingua latina e partimos de que todo será novo para el.

-O ámbito cultural, reflectirá os coñecementos que ten sobre o mundo grecorromano e en que puntos temos que facer maior fincapé á hora de explicar determinados temas.

Este ano seguiremos utilizando o libro do ano pasado por ter unha metodoloxía activa e dinámica, pero simplemente como apoio pois nos adicaremos máis a traducir e analizar os textos enviados pola coordinadora das ABAU.

Se valorará o interese que teña o alumno cando a profesora pida que traian material complementario(artigos de prensa, prospectos médicos con nomes de medicamentos cuxos étimos sexan grecolatinos, novidades sobre o mundo grego etc) en resumo, todo o que permita ver que o mundo helénico segue vivo.

A profesora comunicárase complementariamente cos alumnos a través do correo electrónico para resolver posibles dúbidas que xurdan en calquera momento o para informarlles dalgunha novidade.

Material informático de cultura clásica (xogos de ordenador, páxinas web: web do centro escolar , correo electrónico, prensa dixital,

Material audiovisual (documentais e películas de tema clásico)

Plataforma dixital: A profesora comunicárase complementariamente co alumnado a través da plataforma dixital TEAMS , que é a plataforma corporativa do Centro, para resolver posibles dúbidas que xurdan en calquera momento o para informarlles dalgunha novidade.

Plataforma dixital: Utilizaremos a plataforma dixital TEAMS.Tamén para resolver as dúbidas que xurdan ao longo do curso. Tamén se fose necesario facer outra actividade distinta poderase utilizar o Aula Virtual do centro.

1.1.2.Estratexias metodolóxicas

Como indiquei no apartado anterior, en principio seguiremos o orden do libro de texto e a continuación a profesora lles explicará o tema lingüístico e as alumnas recibirán despois unha serie de textos que terán que ir analizando e traducindo ao seu ritmo. Todos os días deberán traer a tradución feita que será correxida no aula. Se valorará e puntuará a súa presentación.

No ámbito cultural distinguimos dos apartados: Os temas de cultura, que serán elaborados polas alumnas para que se vaian acostumando á investigación (pois o próximo ano cando vaian á Universidade terán que facer traballos de investigación) e despois expostos no aula; os libros que lerán e dos que se examinarán na parte de cultura.

1. 1.3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Como sucedía no apartado anterior, distinguiremos o bloque lingüístico do bloque cultural. -No primeiro bloque a secuenciación habitual será a seguinte:

Partiremos dun saúdo en grego moderno, a continuación a profesora explicará o tema correspondente e se xa está rematada a explicación se pasará a correxir os exercicios ou o texto correspondente, ase mesmo se resolverán as dúbidas que xurdiran ao estudar os alumnos na casa o explicado ou traballado o día anterior. Todo o día o alumnado deberá traer a tradución feita que será correxida na aula. Se terá en conta o traballo feito na casa e no aula, que valerá 10%.

-No segundo bloque, valoraremos o coñecemento da literatura: autores e xéneros literarios; e o coñecemento da obra de lectura obrigatoria; os helenismos e a explicación etimolóxica dos diferentes termos aparecidos no léxico do tema.

1.2. Outras decisións metodolóxicas

AGRUPAMENTOS: N a materia de Grego non existe a posibilidade de facer agrupamentos.

TEMPOS: O tempo será, en principio, o marcado polo Instituto, pero estará aberto á necesidade do alumno. Se necesita reforzo, e sempre coa autorización dos pais, poderemos utilizar outro horario que conveña tanto a profesora como ao alumno. Tamén estamos abertos a contestar ás posibles dúbidas do alumnado en calquera momento que a profesora poida, incluída a fin de semana.

ESPAZOS: En principio, as clases serán no aula, pero para as simulacións, as representacións teatrais e algunha outra actividade poderemos utilizar o salón de actos ou o ximnasio. Para o alumnado que non poida asistir, por estar enfermos, ou cando teñan dúbidas fora do horario lectivo poderán facer as preguntas que consideren oportunas desde a súa casa e a profesora lles responderá cando poda.

MATERIAIS: Como soporte básico será o libro de texto, a explicación oral da profesora, o encerado e as fotocopias. Tamén nalgunha ocasión pizarra dixital ou o ordenador tanto para explicacións da aula como para manter o contacto entre a profesora e as alumnas. Caderno do alumnado.

Fichas de vocabulario.

Libro de texto: [Grego. Bacharelato](#), Baía Edicións, 2017.

Selecta de textos propostos pola coordinadora da ABAU.

Diccionario griego-español, Vox (só para 2.º de bacharelato)

O Departamento achegará o seguinte material:

Obras literarias clásicas traducidas.

Vídeos e DVD sobre o mundo clásico, así como unha ampla webgrafía sobre o mundo grecolatino.

En caso de enfermidade ou dúbidas fora do horario lectivo: o alumnado se comunicará telemáticamente pola plataforma dixital TEAMS.

RECURSOS DIDÁCTICOS: Utilizaremos as TIC para presentar os traballos de investigación (se así o desexan) e para escoitar o programa de Radio Nacional de España “De Pe a Pa”e en concreto a súa sección “Verba Volant”e concursaremos todas as semanas que nos sexa posible. Vídeos e DVD sobre o mundo grecolatino.

- Dicionarios etimolóxicos e mitolóxicos. - A Biblioteca e os seus recursos. - Mapas históricos e planos - Libros de lectura xuvenís sobre o mundo clásico – Fotocopias.

Tamén traballaremos, como diximos no apartado anterior, coa plataforma dixital TEAMS para resolver dúbidas, mandar traballos e contactaremos coas familias a través de ABALAR.

2. Avaliación

2.1 Avaliación inicial

A realizaremos nos primeiros días do curso.

Consistirá en varios apartados:

-O apartado do mundo cultural, con preguntas de redactar, onde poderá verse, además dos coñecementos que poidan tener sobre o mundo grego, como se expresan e redactan.

-O apartado lingüístico: con declinación de sintagmas, análise e tradución de textos sinxelos, análise e tradución de verbos.

Todo isto relacionado cos estándares que se seguirán ao longo do curso.

Asé mesmo os resultados serán altamente reveladores para desvelar que ámbitos formativos hai que priorizar e permitirá coñecer e valorar o punto de partida de cada alumno para actuar en consecuencia. É absolutamente imprescindible a pronta localización das lagoas para asentar con contundencias as primeiras bases sobre as que asentaránse todos os coñecementos posteriores.

2.2 Acreditación de procedementos previos

En principio non é preciso ter unha acreditación desta materia, pero pode darse a situación de que haxa algún alumno que cambiara de modalidade.

Neste caso faremos unha proba consistente en:

- Tradución e análise dun texto. 5 puntos

- Declinación e conxugación duns sustantivos e verbos. 1 punto

- Análise e tradución duns verbos. 2 puntos

- Análise e tradución duns sintagmas. 2 puntos

2.3. Avaliación continua

Cada trimestre faremos varias probas escritas da parte lingüística. Consistirá nun texto para analizar e traducir. Valerá 5 puntos o análise e 5 a tradución.

Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado de literatura, latinismos e da obra de lectura obrigada
Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado de literatura, latinismos e da obra de lectura obrigada.

As probas valerán:
80% a proba lingüística; 10% a proba cultural; 10% o traballo na aula (exposicións de preguntas, análise e tradución de textos...).

A nota media de cada avaliación se conseguirá sumando a nota das probas e dividindo polo número de estas. Por suposto a suma das probas lingüística será numérica, así como a cultural, a suma das outras é por ponderación.

No traballo na aula, observaremos o interese, a disciplina, a puntualidade e o grado de consecución dos estándares.

Se un alumno non supera unha avaliación se lle dará a oportunidade de recuperla na seguinte avaliación co mesmo método que antes.

2.4. Avaliacion final

Á avaliación final irán os alumnos que non superaran algunha das avaliacións feitas ao longo do curso e se alguén quere ir a subir nota aínda que teña todas as outras superadas.

A proba será , con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dúas cuestións de cultura.
A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos.

Se avaliarán todos os estándares que teñen o logro máis alto de cualificación. Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución en análise valerá 8 puntos; cada unha das cuestións 1 punto.

Acualificación final, será a de a nota que se acade nesa proba final, sen ter en conta as notas anteriores, polo tanto será unha nota exacta sen ponderación.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 2.º DE BACHARELATO

-CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.

O alumnado deberá dominar os mesmos contidos mínimos de 1.º e ademais:

1. Marco histórico da Grecia antiga:
 - Coñecer os acontecementos e personaxes históricos máis destacados das etapas clásica e helenística, sobre todo o século V a.C.
2. Xéneros literarios gregos:
 - Coñecer as características e autores máis destacados da épica, a lírica e o teatro grego.
3. Lectura dos seguintes textos e autores:
 - Cantos I, VI, XVI e XXII d' *A Iliada* de Homero.
 - Selección de poemas de Arquíloco, Safo e Anacreonte.
 - *Edipo Rei* de Sófocles.
 - *Asemblea de mulleres* de Aristófanes.
4. As tres declinacións.

5. Os modos subxuntivo, optativo e imperativo de λύω e εἰμί.
6. Principais características dos verbos contractos en -άω, έω, -όω.
7. Principais características dos verbos consonánticos.
8. As principais conxuncións subordinadas.
9. O infinitivo concertado e non concertado.
10. O participio concertado e absoluto.
11. Tradución con dicionario dun texto sinxelo dunhas tres liñas de Xenofonte.

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

Identificar aos principais deuses e heroes, así como os seus poderes, atributos e mitos.

Localizar nun mapa mudo os principais lugares da Grecia antiga.

Situar historicamente aos personaxes, sucesos e obras máis destacadas da cultura grega.

Ler con soltura un texto grego.

Transcribir palabras gregas ao galego.

Declinar os substantivos, adxectivos e pronomes máis comúns.

Conxugar as principais formas regulares do verbo grego.

Traducir frases sinxelas sen dicionario en 1.º, e en 2.º traducir textos con dicionario dunha dificultade media progresiva.

Analizar os helenismos dunha relación léxica determinada.

Realizar aqueles traballos puntuais encomendados.

Asistir a clase e realizar con regularidade os exercicios propostos.

2.5. Avaliación extraordinaria

A proba de extraordinaria de xuño será similar o igual á de maio, con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dúas de cultura.

Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución e análise valerá 8 puntos; cada unha das cuestións 1 punto. Se algún alumno non mostra interese pola materia, presentando os exames en branco, non facendo os traballos mensuais ou non lendo as obras de lectura obrigada, non aprobará a materia e a profesora se oporá á súa promoción.

2.6. Avaliación e recuperación de pendentes

Neste apartado hai varias posibilidades, aínda que polo de agora, non temos alumnado con esta materia pendente, o que non indica que non poidan matricularse ao longo deste ano:

a) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Grego de primeiro pero que nunca cursara esta materia, porque fixera cambio de modalidade.

b) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Grego de primeiro porque non acadara os obxectivos propostos nesta programación según os estándares exixidos.

Para ambos os dous casos faremos exames parciais mensuais e se non os superan teremos a proba na data marcada polo Instituto. Ditos exames serán os mesmos ou parecidos aos feitos no aula cos alumnos non pendentes.

Facilitaranse os temas, exercicios dos ámbitos culturais, morfolóxicos e sintácticos que podan servir de CLARA orientación sobre os modelos das probas, a través de TEAMS. -Estarase sempre

disposto a resolver as dúbidas aproveitando ocos: recreos, horas libres, tutorías... ou por TEAMS

A cualificación final será a media dos exames feitos en cada avaliación.

En Xuño a proba será igual o similar á feita no aula cos alumnos non pendentos con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dous de cultura.

A cualificación será: Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución en análise valerá 5 puntos; cada unha das cuestións 1 punto.

3. Outras avaliacións

3.1. Avaliación da programación didáctica

3.1.2. Mecanismo de revisión

Non hai dúbida de que existe unha necesidade “legal” e “real” de programar. É absolutamente necesario organizar dalgunha maneira, dentro do marco teórico que elixamos, os contidos que imos a impartir. Por tanto é un instrumento necesario, aínda que a súa estrutura poda cambiar en función das “modas” pedagóxicas e da formación do profesor. A programación axudaranos a eliminar a improvisación. O cal non significa eliminar a capacidade de engadir novas ideas ou novos aspectos nun momento e tema determinados, aspecto creativo da actividade educativa do que tampouco podemos prescindir.

Debe ser un documento en continua revisión: la situación é cambiante. Cada curso escolar ten unhas características propias; vanse e veñen novos alumnos e novos profesores... Para elo A MEMORIA FINAL DO DEPARTAMENTO debe ser un documento que indique aqueles bloques susceptibles de mellora en cada curso escolar.

Revisaremos esta programación, en principio, cada avaliación pero sempre que detectemos algún problema de aprendizaxe cun un alumno poderemos revisala.

Para esto veremos o seguinte:

- Viabilidade: Non se pode programar sen ter en conta a realidade.
 - A metodoloxía utilizada.
 - Os obxectivos acadados e no nivel de adquisición dos contidos.
 - As actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
 - Idoneidade e adecuación e pertinencia das explicacións realizadas na aula.
 - Os materiais e recursos utilizados.
- a metodoloxía utilizada.
- Dos obxectivos acadados en cada nivel.
 - Do nivel de adquisición dos contidos
 - Da pertinencia dos criterios de avaliación programados.
 - Das actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
 - Das explicacións realizadas na aula: idoneidade, adecuación, pertinencia, ...
 - Dos materiais e recursos utilizados
 - Da metodoloxía utilizada.
 - Dos obxectivos acadados en cada nivel.
 - Do nivel de adquisición dos contidos
 - Da pertinencia dos criterios de avaliación programados.
 - Das actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
 - Das explicacións realizadas na aula: idoneidade, adecuación, pertinencia, ...

- Dos materiais e recursos utilizados.

No caso de que nos decatemos de que hai algún desfase pasaremos a examinar o seguinte punto:

3.1.3. Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica

| Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro) | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

4. Atención á diversidade

4.1. Medidas ordinarias

| Organizativas | Curriculares |
|--|---|
| O Centro dispón de ascensor para persoas con | Unha vez feita a avaliación inicial e tras ler os |

| | |
|---|--|
| <p>discapacidad motora e a axuda do profesorado e do persoal subalterno para axudar a ditas persoas.</p> <p>Tamén se lle facilitan recursos específicos e tempos para os exames distintos aos do resto do alumnado.</p> | <p>informes de cursos anteriores a profesora terá información non so do grupo en conxunto se non tamén de aspectos individuais dos estudantes e se terá en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.. Así :</p> <p>TEREI EN CONTA A DIVERSIDADE NOS AGRUPAMENTOS DE CLASE EMPARELLANDO ALUMNOS QUE PRESENTEN CARENCIAS CON AQUELES CUN BO NIVEL DE COMPRENSIÓN. HAI QUE TER EN CONTA SE TEMOS ALUMNOS QUE NUNCA VIRON NADA DE GREGO E OUTROS QUE REPITEN E VEÑEN DOUTROS CENTROS, E OUTROS QUE SÍ VIRON ALGO DE GREGO O CURSO PASADO. NON HAI QUE ESQUECER QUE ESTAMOS NUN CENTRO QUE NON TEN E.S.O. E QUE O ALUMNADO PROCEDE DE DIFERENTES CENTROS DA BISBARRA.</p> |
| BLOQUE 2. MORFOLOXÍA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B.2.2 | B.2.5 | LA2B.2.5.1. | Ccl/caa/cd | Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán | 100% | 10% | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| | | LAB2.2.5.2 | Ccl/caa/cd | .Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | 100% | | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| BLOQUE 3. SINTAXE | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B.3.4 | B.3.5. | LA2B.3.5.1.1 | Ccl/caa | Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | 80% | 30% | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| BLOQUE 4. LITERATURA LATINA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B.4.1 | B.4.2 | LA2B.4.2.1 | CAA • CCL • CCEC | Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.. | 70% | 10% | x | x | x | x | x | | | | | | | | |
| | B.4.3 | LA2B.4.3.2 | CD • CCL | .Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas | | | x | x | x | x | x | | x | x | | | | | |
| | | LA2B.4.4.1 | CCL • CSC • CCEC | Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | | | x | x | x | x | x | | x | x | | | | | |
| | B.4.5 | LA2B.4.5.2 | CSC • CD • CCL | Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben | | | x | x | x | x | x | | x | x | | | | | |
| BLOQUE 5: TEXTOS | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B.5.1 | B.5.1 | LA2B.5.1.1 | ccl | Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | 70% | 40% | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| | B5.2 | LA2B5.2.1 | CD • CAA • CCL | Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.. | | | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| | B.5.4. | B.5.5. | LA2B.5.5.1 | Ccl/ccec | | | Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | x | x | | x | x | | | | | | | |
| BLOQUE 6 LÉXICO | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B.6.2 | B.6.2 | LA2B.6.2.1 | Ccl/cca/cd | Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | | | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| | | LA2B.6.2.2. | Ccl/cd | Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán | | | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| B.6.3 | B.6.3 | LA2B.6.3.1 | CMCCT • CSC • CD • CCEC • CCL | Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica | 80% | 10% | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| B.6.4 | B.6.4.1 | LA2B.6.4.1. | Ccl/ccec | Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe | | | x | x | | x | x | | | | | | | | |

| Ident. Contido | Ident. Crit. Eval. | Ident. Estándares | Compet. | Estandares de aprendizaxe avaliáveis | Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | | | | | | | | Temas transversais | | | | | | |
|------------------------------------|--------------------|-------------------|---------------|--|---|-----------------------|----------------------------|------------|----------|----------|-------|------|--------------------|-----|----|-----|-----|----|----|
| | | | | | Grao mínimo consecución | Peso na cualificación | Instrumentos de avaliación | | | | | | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| | | | | | | | Pr. Oral | Pr. Escrit | Tr. grup | Tr. Ind. | Cader | Rúbr | | | | | | | |
| BLOQUE 2. MORFOLOXÍA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B2.1 | B2.2 | LA2B.2.2.1 | CMCCT • CCL | Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. | 100% | 10% | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| BLOQUE 3. SINTAXE | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B.3.3 | B.3.4 | LA2B3.4.1 | Ccl/caa | Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | 70% | 30% | x | x | | x | x | | | | | | | | |
| BLOQUE 4. LITERATURA LATINA | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B.4.1 | B4.3 | LA2B.4.3.2 | Cd/ccl | Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | 70% | 10% | x | x | x | x | x | | x | x | | x | x | | |
| | B4.4 | LA2B.4.4.1 | Ccl/csc/ ccec | Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | | | x | x | x | x | x | | x | x | | | | | |
| BLOQUE 5: TEXTOS | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| B5.1 | B5.1. | LA2B.5.1.1. | Ccl/caa | Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución. Traduce y analiza textos con oracións subordinadas. | 70% | 40% | x | x | | x | x | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--|-------|---------|-------------|------------|--|-----|-----|---|---|--|---|---|---|--|--|--|--|--|--|--|--|
| | | | | | cita e explica as súas obras máis coñecidas. | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | BLOQUE 5: TEXTOS | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | B5.1 | B5.1. | LA2B.5.1.1. | ccl | Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución. | 70% | 40% | x | x | | x | x | | | | | | | | | |
| | B5.2 | B5.2 | LA2B.5.2.1. | Ccl/cd/caa | Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto | | | x | x | | | x | x | | | | | | | | |
| | B.5.2 | B5.3 | LA2B.5.3.1 | ccl | Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | | | x | x | | | x | x | | | | | | | | |
| | B.5.4 | B.5.5. | LA2B.5.5.1 | Ccl/ccec | Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | | | x | x | | | x | x | | | | | | | | |
| | | | | | BLOQUE 6: LÉXICO | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | B.6.1 | B.6.1 | LA2B.6.1.1 | Ccl/caa | Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.. | 80% | 10% | x | x | | x | x | | | | | | | | | |
| | B6.2 | B.6.2 | LA2B.6.2.1 | Ccl/caa | Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza | | | x | x | | | x | x | | | | | | | | |
| | B.6.4 | B.6.4.1 | LA2B.6.4.1 | Ccl/ccec | Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | | | x | x | | | x | x | | | | | | | | |

Competencias transversais:





Comprensión lectora.

Por tratarse de alumnos de “letras” tentaremos que o alumno adquira o gusto pola lectura e polo tanto haberá unha lectura obrigatoria por avaliación que serán as mesmas que outros anos mandaban para as probas das A.B.A.U. se chegaran órdenes contrarias se modificarían.

1ª Avaliación Unha obra de Plauto. De Edicións Clásicas. Épica: Ovidio, "Metamorfoses", I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.

2ª Avaliación A violación de Lucrecia Historiografía: Livio, I, 56, 4-60. Oratoria: Tácito, "Agrícola", 29-38.

3ª Avaliación Lírica: Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.



5 Metodoloxía

5.1 Estratexias metodolóxicas

5.1.1 Aspectos xerais

En primeiro lugar temos que partir dunha avaliación inicial sobre dous ámbitos: o morfosintáctico e o cultural. --O ámbito morfosintáctico daranos unha idea xeral dos coñecementos lingüísticos do alumno pois se non distingue as funcións sintácticas nin os tempos verbais será máis difícil que acade os obxectivos marcados. Por suposto, imaxinamos que ten os coñecementos da lingua latina adquiridos o curso anterior. Pode darse o caso de que haxa un alumno novo ou que se cambiara de modalidade e teríamos que saber que nivel ten para poder ver qué metodoloxía seguir. Este ano non hai nin alumnos novos nin cambiados de modalidade.

-O ámbito cultural, para saber qué recordan do estudado o ano anterior neste campo e poder despois situar os autores literarios na época axeitada.

Este ano non utilizaremos ningún libro se non unha selección de textos orixinais de autores latinos presentados pola profesora e a selección obrigada polo coordinador das A.B.A.U,

Se valorará o interese que teñan as alumnas cando a profesora pida que traian material complementario(artigos de prensa, novidades sobre o mundo latino etc) A profesora comunicarase complementariamente cas alumnas a través da plataforma dixital TEAMS , que é a plataforma corporativa do Centro, para resolver posibles dúbidas que xurdan en calquera momento o para informarlles dalgunha novidade.

Plataforma dixital: Utilizaremos a plataforma dixital TEAMS.Tamén para resolver as dúbidas que xurdan ao longo do curso. Tamén se fose necesario facer outra actividade distinta poderase utilizar o Aula Virtual do centro.

5.1.2 Estratexias metodolóxicas

Como indiquei no apartado anterior, a profesora lles explicará o tema lingüístico e os alumnos recibirán despois unha serie de textos que terán que ir analizando e traducindo ao seu ritmo. Ditos textos serán de distintos autores latinos para que o alumnado teña unha visión ampla do ámbito literario latino; nos dous últimos meses do curso traduciremos os textos propostos polo coordinador da ABAU. Todos os días deberán traer a tradución feita que será correxida no aula. Se valorará e puntuará a súa presentación.

No ámbito cultural distinguimos dos apartados: Os temas de cultura, que serán elaborados polos alumnos para que se vaian acostumando á investigación (pois o próximo ano cando vaian á Universidade terán que facer traballos de investigación) e despois expostos no aula; os libros que lerán e dos que se examinarán na parte de cultura.

5.1.3 Secuenciación habitual de traballo na aula

Como sucedía no apartado anterior, distinguiremos o bloque lingüístico do bloque cultural. -No primeiro bloque a secuenciación habitual será a seguinte:
Partiremos do saúdo en latín, a continuación a profesora explicará o tema correspondente e se xa está rematada a explicación se pasará a correxir o texto correspondente. Todo o día o alumnado deberán traer a tradución feita que será correxida no aula. Se terá en conta o traballo feito na casa e no aula, que valerá 10%.
-No segundo bloque, valoraremos o coñecemento da literatura: autores e xéneros literarios; e o coñecemento da obra de lectura obrigatoria; as expresións latinas o latinismos.

5.2 Outras decisións metodolóxicas

AGRUPAMENTOS: Na materia de Latín non existe a posibilidade de facer agrupamentos.

TEMPOS: O tempo será, en principio, o marcado polo Instituto, pero estará aberto á necesidade do alumno. Se necesita reforzo, e sempre coa autorización dos pais, poderemos utilizar outro horario que conveña tanto a profesora como os alumnos. Tamén estamos abertos a contestar ás posibles dúbidas do alumnado en calquera momento que a profesora poida, incluída a fin de semana.

ESPAZOS: En principio, as clases serán na aula asignada pero para as simulacións, as representacións teatrais e algunha outra actividade poderemos utilizar o salón de actos ou o ximnasio. Para o alumnado que non poida asistir, por estar enfermos, ou cando teñan dúbidas fora do horario lectivo poderán facer as preguntas que consideren oportunas desde a súa casa e a profesora lles responderá cando poda.

MATERIAIS: Como soporte básico será a explicación oral da profesora, o encerado e as fotocopias. Tamén nalgunha ocasión pizarra dixital ou o ordenador tanto para explicacións da aula como para manter o contacto entre a profesora e as alumnas.

En caso de enfermidade ou dúbidas fora do horario lectivo: o alumnado se comunicará telemáticamente pola plataforma dixital TEAMS.

RECURSOS DIDÁCTICOS: Utilizaremos as TIC para presentar os traballos de investigación (se así o desexan) e para escoitar o espacio de Radio Nacional “Verba Volant” e concursaremos todas as semanas que nos sexa posible.

- Dicionarios etimolóxicos e mitolóxicos. - A Biblioteca e os seus recursos. - Mapas históricos e planos - Libros de lectura xuvenil sobre o mundo clásico – Fotocopias

Tamén traballaremos, como diximos no apartado anterior, coa plataforma dixital TEAMS para resolver dúbidas, mandar traballos e contactaremos coas familias a través de ABALAR.

6 Avaliación

6.1 Avaliación inicial

A realizaremos nos primeiros días do curso.

Consistirá en varios apartados:

-O apartado do mundo cultural, con preguntas de redactar, onde poderá verse, ademais dos coñecementos que poidan tener sobre o mundo romano, como se expresan e redactan.

-O apartado lingüístico: con declinación de sintagmas, análise e tradución de textos sinxelos, análise e tradución de verbos.

Todo isto relacionado cos estándares que se seguirán ao longo do curso.

Asé mesmo os resultados serán altamente reveladores para desvelar que ámbitos formativos hai que priorizar e permitirá coñecer e valorar o punto de partida de cada alumno para actuar en consecuencia. É absolutamente imprescindible a pronta localización das lagoas para asentar con contundencias as primeiras bases sobre as que asentaránse todos os coñecementos posteriores.

6.2 Acreditación de procedementos previos [se procede]

En principio non é preciso ter unha acreditación desta materia, pero pode darse a situación de que haxa algún alumno que cambiara de modalidade.

Neste caso faremos unha proba consistente en:

- Tradución e análise dun texto. 5 puntos
- Declinación e conxugación duns sustantivos e verbos. 1 punto
- Análise e tradución duns verbos. 2 puntos
- Análise e tradución duns sintagmas. 2 puntos

6.3 Avaliación continua

Cada trimestre faremos varias probas escritas da parte lingüística, probablemente unha cada 15 días que é, máis ou menos, o que nos levará cada apartado de cada unidade. Consistirá nun texto para analizar e traducir. Valerá 5 puntos o análise e 5 a tradución. Ditos textos serán de diferentes autores latinos, ao final do curso serán dos autores propostos polo coordinador da ABAU.

Da parte cultural faremos unha ao final da avaliación, na que entrará todo o que se deu nesa avaliación nese apartado de literatura, latinismos e da obra de lectura obrigada.

As probas valerán:

80% a proba lingüística; 10% a proba cultural; 10% o traballo na aula (exposicións de preguntas, análise e tradución de textos...).

A nota media de cada avaliación se conseguirá sumando a nota das probas e dividindo polo número de estas. Por suposto a suma das probas lingüística será numérica, así como a cultural, a suma das outras é por ponderación.

No traballo na aula, observaremos o interese, a disciplina, a puntualidade e o grado de consecución dos estándares.

Se un alumno non supera unha avaliación se lle dará a oportunidade de recuperla na seguinte avaliación co mesmo método que antes.

6.4 Avaliación final

Á avaliación final irán os alumnos que non superaran algunha das avaliacións feitas ao longo do curso e se alguén quere ir a subir nota aínda que teña todas as outras superadas.

A proba será, con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dous de cultura.

A proba será similar ás que se fixeran ao longo do curso e os materiais utilizados serán os mesmos.

Se avaliarán todos os estándares que teñen o logro máis alto de cualificación. Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución en análise valerá 7 puntos; cada unha das cuestións punto e medio.

A cualificación final, será a de a nota que se acade nesa proba final, sen ter en conta as notas anteriores, polo tanto será unha nota exacta sen ponderación.

Perda de escolaridade: No caso de que un alumno/a de Bacharelato faltase de maneira inxustificada ao 10% das horas lectivas dunha materia, os criterios de avaliación non se lle poderán aplicar integramente, polo que o profesorado poderá recurrir a un sistema extraordinario de avaliación. Neste caso, o alumno/a terá dereito unicamente a unha proba especial final previa á avaliación ordinaria. Tendo en conta que o curso escolar ten aproximadamente 34 semanas en 1º BAC, e 30 semanas en 2º BAC, o número máximo de faltas inxustificadas, que dependerá do curso e da carga horaria da materia será:

Materias de 4 horas semanais 12 faltas

-CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES.

Tradución correcta dun texto coa axuda do dicionario, na que se manifeste un coñecemento gramatical.

-Coñecemento dos temas de literatura.

-Coñecemento das lecturas obrigadas.

-Análise gramatical e sintáctico.

-Coñecemento das principais expresións latinas usadas na actualidade.

-Correcta ortografía e expresión en castelán ou galego.

Que criterios segue o centro para a promoción? A que marca a lei.

6.5 Avaliación extraordinaria

A proba extraordinaria de xuño será similar o igual á ordinaria de Xuño ou as feitas ao longo do curso, con preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dous de cultura.

Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución e análise valerá 7 puntos; cada unha das cuestións 1 punto e medio. Se algún alumno non mostra interés pola materia, presentando os exames en branco, non facendo os traballos mensuais o non lendo as obras de lectura obrigada, non aprobará a materia.

6.6 Avaliación e recuperación de pendentes

Neste apartado hai varias posibilidades:

a) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Latín de primeiro pero que nunca cursara esta materia, porque fixera cambio de modalidade.

b) Un alumno que estea en 2º de Bacharelato con Latín de primeiro porque non acadara os obxectivos propostos nesta programación según os estándares exixidos. Este suposto se da este ano pois temos unha alumna que repite con Latín de 1º pendente.

Para ambos os dous casos faremos exames parciais mensuais e se non os superan teremos a proba na data marcada polo Instituto. Ditos exames serán os mesmos o parecidos aos feitos no aula cos alumnos non pendentes.

Facilitaranse os temas e exercicios dos ámbitos culturais, morfolóxicos e sintácticos que podan servir de CLARA orientación sobre os modelos das probas a través de TEAMS -Estarase sempre disposto a resolver as dúbidas aproveitando os tempos: recreos, horas libres, tutoría... Este ano contamos con unha alumna que o curso pasado fixo cambio de modalidade pero faltou moito a clase e incluso ás clases de reforzo e nos recreos. Para paliar esta situación daremos clase individualizada na hora que a profesora ten de atención a pais e que a alumna ten libre (pois non está matriculada en todas as materias).

A cualificación final será a media dos exames feitos en cada avaliación.

A proba extraordinaria será igual o similar á feita no aula cos alumnos non pendentes con

preguntas de lingua e de cultura: un 75% de lingua e un 25% de cultura. Un texto para analizar e traducir e dous de cultura.

A cualificación será: Se valorará un 75% a parte de lingua e un 25% a parte de cultura. O texto con tradución en análise valerá 7 puntos; cada unha das cuestións 1 punto e medio.

7 Outras avaliacións

7.1 Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

| (Indicadores de logro) | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| Proceso de ensino: | | | | |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |
| Práctica docente: | | | | |
| 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc? | | | | |
| 11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | |
| 16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ? | | | | |

7.2 Avaliación da programación didáctica

7.2.1 Mecanismo de revisión

Non hai dúbida de que existe unha necesidade “legal” e “real” de programar. É absolutamente necesario organizar dalgunha maneira, dentro do marco teórico que elixamos, os contidos que imos a impartir. Por tanto é un instrumento necesario, aínda que a súa estrutura poda cambiar en función das “modas” pedagóxicas e da formación do profesor. A programación axudaranos a eliminar a improvisación. O cal non significa eliminar a capacidade de engadir novas ideas ou novos aspectos nun momento e tema determinados, aspecto creativo da actividade educativa do que tampouco podemos prescindir.

Debe ser un documento en continua revisión: la situación é cambiante. Cada curso escolar ten unhas características propias; vanse e veñen novos alumnos e novos profesores... Para elo A MEMORIA FINAL DO DEPARTAMENTO debe ser un documento que indique aqueles bloques susceptibles de mellora en cada curso escolar.

Revisaremos esta programación, en principio, cada avaliación pero sempre que detectemos algún problema de aprendizaxe cun un alumno poderemos revisala.

Para esto veremos o seguinte:

- Viabilidade: Non se pode programar sen ter en conta a realidade.
- Os obxectivos acadados e no nivel de adquisición dos contidos.
- As actividades de aprendizaxe e da avaliacións empregadas.
- Idoneidade e adecuación e pertinencia das explicacións realizadas na aula.
- Os materiais e recursos utilizados.
- Das actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
- Das explicacións realizadas na aula: idoneidade, adecuación, pertinencia, ...
- Dos materiais e recursos utilizados
 - Da metodoloxía utilizada.
- Dos obxectivos acadados en cada nivel.
- Do nivel de adquisición dos contidos
- Da pertinencia dos criterios de avaliación programados.
- Das actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
- Das explicacións realizadas na aula: idoneidade, adecuación, pertinencia, ...
- Dos materiais e recursos utilizado

No caso de que nos decatemos de que hai algún desfase pasaremos a examinar o seguinte punto:

7.2.2 Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica

| Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica | Escala | | | |
|--|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| (Indicadores de logro) | | | | |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

8 Atención á diversidade

8.1 Medidas ordinarias

| Organizativas | Curriculares |
|---|--|
| O Centro dispón de ascensor para persoas con discapacidade motora e a axuda do profesorado e do persoal subalterno para axudar a ditas persoas. | Unha vez feita a avaliación inicial e tras ler os informes de cursos anteriores a profesora terá información non so do grupo en conxunto se non tamén de aspectos individuais dos estudantes e se terá en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.. Así : TEREI EN CONTA A DIVERSIDADE NOS AGRUPAMENTOS DE CLASE EMPARELLANDO ALUMNOS QUE PRESENTEN CARENCIAS CON AQUELES CUN BO NIVEL DE COMPRENSIÓN. |
| Non hai desdoblamento de grupo, xa quixeramos que fose así, pero cada vez hai menos alumnos que cursan a materia. | En cada avaliación a profesora determinará as carencias individuais máis graves nos distintos bloques e dedicará unha das clases semanais á realización de tarefas específicas que permitan a adquisición dos coñecementos necesarios para o seu progreso na materia. Dada a limitación temporal e de recursos darase prioridade a recuperación de aqueles contidos dos que a ensinanza sexa progresiva e acumulativa como e a LINGUA LATINA. O profesor decide segundo cada caso a metodoloxía a empregar na recuperación: |

| | |
|---|--|
| | <p>i. Insistencia en noción e exercicios prácticos.</p> <p>ii. Traballo en equipo no que colaboren alumnos que teñan acadado os obxectivos que se están a recuperar.</p> <p>iii. Gradación na selección dos contidos: do máis sinxelo ao máis complexo, do concreto ao abstracto.</p> <p>iv. Avaliación formativa: aprender dos erros, a perfección non existe por iso os erros serán indicativos e formativos</p> <p>2. ATENDEREI NA MESMA AULA AO ALUMNADO QUE NON DA O NIVEL FACENDO PEQUENOS GRUPOS E APLICANDO UN RITMO DIFERENTE.</p> <p>-FORTALECEREI OS ASPECTOS POSITIVOS DO ALUMNO TRATANDO DE MELLORAR A SÚA ESTIMA.</p> |
| <p>Se se envía aun alumno á aula de convivencia, seguirá facendo os exercicios que xa se estaban facendo na aula e se se estaba explicando algo terá que repasar o explicado ata ese momento para despois preguntarlle. Noutro momento se lle explicará a parte que perdeu por ser enviado a aula de convivencia.</p> | <p>Se hai algún alumno coa materia pendente que veña doutro centro ou con cambio de modalidade poderá ter a posibilidade de ter un programa específico en calquera recreo, como tamén através do correo electrónico ou de TEAMS.</p> |

8.2 Medidas extraordinarias

| Organizativas | Curriculares |
|---|--|
| <p>Nesta materia non se recibe apoio por parte das PT.</p> | <p>Nesta materia non existen Adaptacións Curriculares.</p> |
| <p>En principio, non existe ningún grupo de adquisición da lingua, para alumnado extranxeiro.</p> | <p>2. Neste nivel non hai agrupamentos específicos.</p> |
| <p>Neste nivel e nesta materia non existe ningún grupo de adaptación de competencia curricular.</p> | <p>3. Así como tampoco temos PMAR.</p> |
| <p>O centro sempre facilita a escolarización de alumnos que chegan xa comenzado o curso. E máis nestos tempos nos que necesitamos alumnado.</p> <p>Se hai algún alumno que necesite escolarización domiciliaria ou hospitalaria, o Centro habilita os mecanismos necesarios para facilitar todo o que o alumno necesite, sempre en colaboración co departamento de Orientación e os pais.</p> | <p>Se ven algún alumno cando o curso xa está comenzado, se lle facilitará o material e o tempo necesario para tentar seguir o ritmo dos seus compañeiros.</p> <p>Se hai algún alumno con escolarización hospitalaria o domiciliaria, a profesora se porá en contacto cos pais e o alumno para facilitarlle o que necesite, mandando temas, exercicios etc. por a aula virtual e por TEAMS.</p> |

9 Actividades complementarias e extraescolares

Durante o curso poderían levarse a cabo as seguintes actividades:

Teatro Grecolatino: viaxar no segundo trimestre a unha das sedes do Festival de Teatro Grecolatino para asistir a un espectáculo teatral composto dunha traxedia grega e unha comedia latina interpretadas por un grupo de teatro xuvenil.

Viaxar a Lugo para ver os diferentes xacementos que estanse a recuperar nos últimos anos.

Participar nos “Ludi Compostellani” para que poidan ver dun xeito lúdico as pegadas da cultura grecorromana.

Participar semanalmente no programa radiofónico de R.N.E. “Verba Volant”.

Participar nos concursos propostos pola S.E.E.C. de Galicia.

Exposicións nos corredores, biblioteca ou no taboleiro do departamento co gallo de diferentes eventos, (tanto xerais como de efemérides do mundo grecorromano), de artigos, traballos do alumnado relacionados coa cultura grecolatina.

- A finais do curso faremos unha viaxe cultural a Grecia ou Roma xunto co departamento de Historia Do Arte y o alumnado do Ciclo de Obra Civil.

A dita viaxe non poderán ir: .Alumnos que non amosen interese na materia.

Alumnos que teñan algunha expulsión o amonestación nesta o noutras materias.

O alumnado de Latín e Cultura Clásica dos Centros adscritos ao I.E.S. As Fontiñas tamén poderá participar nestas activades extraescolares co fin de que vexan ao noso Instituto como unha prolongación do seu e non se sintan alleos cando veñan a estudar aquí.

10 Datos do departamento

| Materia | Curso | Grupos | Profesor/a |
|----------------|----------------|---------------|-------------------|
| GEGO I | 1º BACHARELATO | A 1(4horas) | Gema Roiz Sánchez |
| GREGOII | 2º BACHARELATO | A 1(4horas) | Gema Roiz Sánchez |
| Latín I | 1º BACHARELATO | A1(4horas) | Gema Roiz Sánchez |
| Latín II | 2º BACHARELATO | A1(4horas) | Gema Roiz Sánchez |

ASINADO:

GEMA ROIZ SÁNCHEZ

SANTIAGO DE COMPOSTELA 04 DE OUTUBRO DE 2022